

" I CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA "



RESUMO DAS BASES DE PARTICIPACIÓN:

Do 23 ó 31 de marzo: Envío de fotografías

- Se tes entre 3 e 12 anos, debuxa o teu "ovo de pascua creativo" : píntao, engádelle elementos plásticos, etc. sen que en ningún momento deixe de apreciarse que se trata dun ovo.
- Sácalle unha foto e envíano-la xunto cos teus datos (nome, apelidos, idade, teléfono e concello de residencia) ben por E-correo a cultura@concellodelaxe.com ou ben por Whatsapp ó 657 771 006.
- Só serán admitidas aquelas imaxes que se remitan entre as 08.00 horas do martes 23 de marzo e as 14.00 horas do mércores 31 de marzo.

Do 1 ó 4 de abril: Votación Popular

- Dende as 10.00 horas do xoves 1 de abril ata as 11.59 horas do domingo 4 de abril, toda persoa que o desexe poderá emitir os seus votos por 2 canles:
 - 1) A través da páxina de Facebook do Concello de Laxe, outorgando un "me gusta" á fotografía que cada persoa considera merecedora do premio.
 - 2) Por mensaxería Whatsapp enviando ó 657 771 006 o seguinte texto: "VOTO O OVO CREATIVO DE _____" (indicando o nome e os apelidos do/a autor/a)

Luns 5 de abril: Entrega de premios

- Tras o recuento das votacións, o día 5 de abril faranse públicos os datos das persoas gañadoras na páxina web e redes sociais municipais.
- Contactarase telefonicamente coas persoas gañadoras para concretar unha hora de entrega do agasallo.

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS

O envío dos datos e da imaxe persoal para a participación no certame, leva consigo a autorización para que o Concello de Laxe poida publicalos tanto na súa páxina web como nas redes sociais coa única finalidade de difundir a realización da actividade.



ANO 2021

Consulta as bases completas en:
www.concellodelaxe.com

Concello de Laxe